10. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN. EXPEDIENTE: 2023/G006/000279



Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente pola Tesoureira municipal con data 19.10.2023, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN

Expediente: 2023/G006/000279

Solicitud: 202190000005979

ANTECEDENTES

Datos ben inmovible:

Enderezo:

Ref catastral:

Nº fixo recibo: 253000645625

Primeiro. Se presenta proposta de rectificación de datos da Deputación da Coruña en relación co exercizo 2018 do recibo co nº fixo que consta nos antecedentes por non ser correcto o suxeito pasivo que non coincide co titular catastral.

Segundo. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmóveis.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 12, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 246 de data 28 de decembro de 2011 na súa última versión, aplicable dende o 01.01.2016

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou



calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez **transcorrida a devindicación**”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade que constan no Catastro para o ben inmovible a 1 de xaneiro de 2017 e seguintes, ata o 2023 no que se produce variación, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF	DERECHO
				PROP. (100,00%)

Os de titularidade a 1 de xaneiro de 2023, son

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF	DERECHO
				PROP. (100,00%)

Os datos que constan no Sistema Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña non coinciden cos anteriores.

VII. Anulación

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibos correspondentes aos exercizos 2017 e seguintes por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos dos recibos a anular son:



Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA (€)
253000645625	20173515022RL01R006044			2017	47,00
253000645625	20183515022RL01R004785			2018	47,00
253000645625	20193515022RL01R003411			2019	47,00
253000645625	20203515022RL01R003410			2020	47,00
253000645625	20213515022RL01R003418			2021	45.12
253000645625	20223515022RL01R003449			2022	45.12
253000645625	20233515022RL01R005196			2023	47,00

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular os seguintes recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA (€)
253000645625	20173515022RL01R006044			2017	47,00
253000645625	20183515022RL01R004785			2018	47,00
253000645625	20193515022RL01R003411			2019	47,00
253000645625	20203515022RL01R003410			2020	47,00
253000645625	20213515022RL01R003418			2021	45.12
253000645625	20223515022RL01R003449			2022	45.12
253000645625	20233515022RL01R005196			2023	47,00

SEGUNDO. Liquidar o seguinte recibo:

Nº FIXO	SUXEITO PASIVO	NIF	ENDEREZO TRIBUTARIO	ENDEREZO FISCAL	EXERCICIO	COTA (€)
253000645625					2023	47,00

TERCEIRO. Aprobar a alta no Padrón da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos do seguinte suxeito pasivo para o 2024:

SUXEITO PASIVO	
NIF	
Nº FIXO	253000645625
REFERENCIA CATASTRAL	
ENDEREZO TRIBUTARIO	



ENDEREZO FISCAL	

CUARTO. Comunicar estes acordos aos interesados e á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

11. CORRECCIÓN ERROS NA APROBACIÓN DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA A ASOCIACIÓN ESCOLA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA ANUALIDADE 2023

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 18.10.2023, que literalmente di:

“**Expediente:** 2023/A002/000005

Asunto: CORRECCIÓN ERROS NA APROBACIÓN DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA A ASOCIACIÓN ESCOLA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA ANUALIDADE 2023.

En aplicación do artigo 109 da Lei 39/2015 de 01 de outubro, de procedemento administrativo común que di no seu apartado segundo que “as administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

Na xunta de goberno local en sesión ordinaria de data 16 de outubro de 2023 adoptouse o seguinte acordo:

6. APROBACIÓN DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA A ASOCIACIÓN ESCOLA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA ANUALIDADE 2023.

Na resolución adoptada hai un erro de transcripción:

Onde di:

RESOLVO

Primeiro.- Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 75% do importe subvencionado da anualidade do ano 2023, esto é, 6.937,50€, con cargo a aplicación 334.489.00 do orzamento do ano 2023 a favor do beneficiario, Asociación Escola de Música Vila de Cedeira, con NIF G70429543.

Debe dicir:

RESOLVO



Primeiro.- Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 75% do importe subvencionado da anualidade do ano 2023, esto é, 8.625,00€, con cargo a aplicación 334.489.00 do orzamento do ano 2023 a favor do beneficiario, Asociación Escola de Música Vila de Cedeira, con NIF G70429543.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

12. ADQUISICIÓN DA PARCELA SITA EN RÚA CRÓNICAS (REF. CATASTRAL 5546114NJ7354N0001MW (EXPTE 2020/X999/000239)

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 26.10.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: ADQUISICIÓN DA PARCELA SITA EN RÚA CRÓNICAS (REF. CATASTRAL 5546114NJ7354N0001MW (EXPTE 2020/X999/000239)

Resultando que con data 17.12.2020 incoase mediante providencia de Alcaldía expediente administrativo para a adquisición da parcela sita en R/ Crónicas (ref. catastral 5546114NJ7354N0001MW) solicitándose: informe ao arquitecto técnico municipal sobre as condicións urbanísticas, a idoneidade do ben obxecto deste expediente para o fin pretendido e de valoración do mesmo; informe de Intervención sobre a existencia de crédito disponible para o pago de prezo da adquisición do inmovible, e sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente; e informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable e a adecuación do que se acorde con relación a dita normativa.

Consta no expediente memoria xustificativa da adquisición asinada pola Alcaldía en data 17.12.2020, redactada en cumprimento do artigo 116 da Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas, na que se refire que a parcela con referencia catastral 5546114NJ7354N0001MW atópase incluída na xustificación do cumprimento dos estándares urbanísticos de zonas verdes, resulta especialmente idónea para o fin pretendido debido ás súas dimensións así como á excelente ubicación.

Visto que con data 23.12.2020 foi emitido informe técnico polo Arquitecto técnico municipal, no que se realizan as seguintes consideracións:

“(…) **3.INFORMACIÓN URBANÍSTICA DO BEN INMOBLE:**

Situación: R/Crónicas

Superficie: 1084m2 parcela (datos catastrais)
200 m2 construídos (datos catastrais)

Clasificación: Solo Urbano

Calificación : Solo Urbano Consolidado

Ordenanza de aplicación: Ordenanza de Xardíns (VX) do plan Xeral

Programa de actuación: Incluído na referencia V.X.2.1.6., cunha superficie de 2.420 m2 (PX)

Usos: Deportivo (Datos Catastrais)

Observacións: Consta unha construción destinada a equipamento deportivo, expresamente prohibida no solo regulado pola ordenanza VX, e permitida según o art. 70 do D143/2016 e o art 176.3.b do PBA. De aplicación de acordo coa disposición transitoria 1ª. 2a). da lei 2/2016 del suelo de Galicia.



4.AFECCIÓNS SECTORIAIS:

Cós datos de que se dispoñen sinálase o seguinte:

-Afectada por unha lixeira eléctrica

-Dentro da zona de protección costeira do POL

(...)"

Visto que en canto á valoración da parcela, cuantifícase no referido informe técnico o valor da parcela en 18.300 euros.

Visto que con data 28.12.2020 a Interventora municipal emite informe de fiscalización favorable.

Visto que con data 05.01.2021 emite informe o Tesoureiro accidental sobre a non existencia de débedas tributarias pendentes en período executivo co concello de Cedeira.

Visto que con data 07.01.2021 (rex entrada nº 20219990000018) D. Eduardo González López, en representación da Cofradía de Pescadores de Cedeira, presenta escrito co que achega documentación (certificado de estar ao corrente nas obrigas da Seguridade Social, certificado de débedas da Axencia Tributaria de Galicia, certificado da Axencia Estatal Tributaria, tres contratos de compra-venta e dúas notas simples informativas) para incorporar ao expediente.

Visto que constan incorporados ao expediente con data 11.11.2021 certificado da Consellería do Mar de data 31.08.2021 de toma de posesión D. Ricardo Villar Martínez como patrón maior, certificado da Confraría de Pescadores de Cedeira de data 10.11.2021 de elección do patrón maior, DNI de D. Ricardo Villar Martínez, certificado de estar ao corrente nas obrigas da Seguridade Social, certificado de débedas da Axencia Tributaria de Galicia, certificado da Axencia Estatal Tributaria.

Visto que consta incorporado ao expediente con data 02.03.2022 certificado da Consellería do Mar de data 30.11.2021 do patrón maior e vicepatrons/vicepatroas da Confraría de Pescadores de Cedeira.

Visto que con data 02.05.2022 emítese informe de Secretaría no que se conclúe que:

“Informase favorablemente a adquisición directa do inmovible sito en R/ Crónicas (ref. catastral 5546114NJ7354N0001MW), coa finalidade de ampliar os espazos verdes urbanos, condicionada á previa depuración da situación xurídica da parcela.

Así mesmo, deberá remitirse o expediente á Intervención municipal, ao obxecto, no seu caso, da emisión de informe/RC actualizado ó exercicio 2022, e redactarse o prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a adquisición onerosa do ben, mediante adquisición directa conforme ao artigo 116.4 da Lei 33/2003, debendo constar debidamente asinado con carácter previo á adquisición.”

Visto que con data 05.05.2022 (rex saída nº 202299900000030) remítese á Cofradía de Pescadores de Cedeira o prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a adquisición onerosa da parcela asinado polo Alcalde e solicítase a remisión dos ditos pregos asinados dixitalmente polo Patrón Maior, D. Ricardo Villar Martínez, e declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para contratar do artigo 71 LCSP; notificado con data 05.05.2022.

Visto que con data 23.05.2022 (rex entrada nº 202299900000967) D. Ricardo Villar Martínez, en representación da Cofradía de Pescadores de Cedeira, solicita incluír no prego remitido unha cláusula consistente en que a Cofradía de Pescadores de Cedeira “aceptaba transmitir onerosamente a finca da que é propietaria sita en rúa Crónicas (con referencia catastral 554611NJ7354N0001MW)



conforme á valoración realizada polo Arquitecto municipal (cláusula 3 do prego remitido) coa condición de que si nalgún momento dita finca era recalificada á mesma volvería ser propiedade da Confraría”.

Visto que con data 31.05.2022 (rex entrada nº 202299900001047) D. Ricardo Villar Martínez, en representación da Cofradía de Pescadores de Cedeira, presenta escrito co que achega documentación (certificado de estar ao corrente nas obrigas da Seguridade Social, certificado de débedas da Axencia Tributaria de Galicia e certificado da Axencia Estatal Tributaria) para incorporar ao expediente.

Visto que con data 25.09.2023 expídense certificados de que a Cofradía de Pescadores de Cedeira atópase ao corrente das súas obrigas coa Facenda Pública Local.

Visto que con data 27.09.2023 (rex saída nº 202399900000181) remítese á Cofradía de Pescadores de Cedeira o prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a adquisición onerosa da parcela asinado polo Alcalde e solicítase a remisión dos ditos pregos asinados dixitalmente polo Patrón Maior, D. Ricardo Villar Martínez, e declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para contratar do artigo 71 LCSP e certificados de que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, da Comunidade Autónoma e ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social; notificado con data 27.09.2023.

Visto que con data 05.10.2023 (rex entrada nº 202399900002091) D. Ricardo Villar Martínez, en representación da Cofradía de Pescadores de Cedeira, presenta escrito no que se expón que achega certificado da Consellería do Mar, indicando os novos cargos: Patrón maior, Vicepatrón maior 1º e Vicepatroa maior 2ª actualizado, a efectos de rectificar os datos dos mesmos nas cláusulas referente a parcela situada en rúa Crónicas.

Visto que con data 09.10.2023 (rex saída nº 202399900000182) remítese á Cofradía de Pescadores de Cedeira o prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a adquisición onerosa da parcela cos cargos actualizados asinado polo Alcalde e solicítase a remisión dos ditos pregos asinados dixitalmente polo Patrón Maior, D. Ricardo Villar Martínez, declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para contratar do artigo 71 LCSP e certificados de que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, da Comunidade Autónoma e ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social; notificado con data 09.10.2023.

Visto que con data 17.10.2023 (rex entrada nº 202399900002163) D. Ricardo Villar Martínez, en representación da Cofradía de Pescadores de Cedeira, presenta escrito co que achega documentación (prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a adquisición onerosa da parcela asinados dixitalmente polo Patrón Maior, certificado de estar ao corrente nas obrigas da Seguridade Social, certificado de débedas da Axencia Tributaria de Galicia e certificado da Axencia Estatal Tributaria e declaración responsable do Patrón maior) para incorporar ao expediente.

Visto que con data 18.10.2023 a Interventora municipal emite informe de fiscalización favorable.

Considerando as actuacións seguidas neste expediente para a adquisición onerosa da parcela sita en R/ Crónicas (ref. catastral 5546114NJ7354N0001MW) e de conformidade co previsto no artigo 116 da Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas e na Disposición Adicional Segunda da Lei de Contratos do Sector Público, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do presente **ACORDO:**



PRIMEIRO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares aceptado por D. Ricardo Villar Martínez, Patrón Maior da Cofradía de Pescadores de Cedeira, que rexerá a adquisición da parcela sita en R/ Crónicas (ref. catastral 5546114NJ7354N0001MW) e que se anexa ó presente acordo.

SEGUNDO.- Adquirir a parcela sita en R/ Crónicas (ref. catastral 5546114NJ7354N0001MW) por importe de 18.300 € á Cofradía de Pescadores de Cedeira.

TERCEIRO.- A antedita adquisición formalizarase en escritura pública, citando a D. Ricardo Villar Martínez, Patrón Maior da Cofradía de Pescadores de Cedeira para a formalización desta adquisición, estando esta Alcaldía facultada para a sinatura da mesma e de cantos outros documentos sexan necesarios para a efectividade da presente resolución. O prezo aboarase, segundo se establece no punto 3º do prego de cláusulas administrativas, mediante transferencia bancaria ao propietario na data de elevación da compravenda en escritura pública.

CUARTO.- Notificar o presente acordo á Cofradía de Pescadores de Cedeira, dar publicidade do presente acordo no perfil do contratante, e dar traslado do mesmo á Intervención e Tesourería municipais.

ANEXO

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS PARTICULARES PARA ADQUISICIÓN ONEROSA DA PARCELA SITUADA NA RÚA CRÓNICAS (REFERENCIA CATASTRAL 5546114NJ7354N0001MW)

1ª.- O presente contrato privado ten por obxecto a adquisición directa da parcela situada na rúa Crónicas (referencia catastral 5546114NJ7354N0001MW) toda vez que pola súa ubicación, dimensións e características é especialmente idónea para dotar á zona dun espazo libre de edificación, como zona verde, para uso e goce colectivo co fin de mellora-la calidade do entorno urbano.

2ª.- Figura como titular catastral da parcela a Confraría de Pescadores de Cedeira, co 100,00% do pleno dominio.

3ª.- A valoración da parcela é de 18.300,00 euros conforme á valoración realizada polo Arquitecto Técnico Municipal no seu informe técnico data 23.12.2020.

O importe farase efectivo nun só pagamento con cargo ao crédito consignado na partida correspondente do presuposto.

Os impostos e arbitrios que se orixinen e devenguen con ocasión do outorgamento de escritura serán satisfeitos íntegramente polas partes conforme á Lei. Neste sentido, o Imposto de Transmisións Patrimoniais corresponderá ao comprador conforme ao artigo 8.a do R.D.Lex. 1/1993, de 24 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados.

En canto aos gastos derivados de escrituración e rexistrais, serán de conta da parte compradora.

O prezo convido aboarase mediante transferencia bancaria ao propietario na data de elevación da compravenda en escritura pública, á que deberá de comparecer o representante legal da Confraría de



Pescadores de Cedeira, D. Ricardo Villar Martínez, con DNI _____, Patrón Maior da Confraría de Pescadores de Cedeira, ou quen legalmente lle substitúa, resultando que segundo certificado emitido en data 21.04.2023 pola xefa do Servizo de Apoio e Relación coas Organizacións Sectoriais da Consellería do Mar, os/as vicepatróns/vicepatroas maiores, en función da súa orde de precedencia, substitúen o/a patrón/patroa maior nos casos de vacante, mentres non se proceda a unha nova elección, ausencia ou enfermidade, constando no Rexistro de Confrarías de Pescadores como vicepatróns/vicepatroas as seguintes persoas segundo se indica:

Vicepatrón primeiro: Tomás Díaz Rodríguez con NIF _____

Vicepatroa segunda: María Magdalena López Bellón con NIF _____

4ª.- A parcela adquirese libre de cargas e gravames, en pleno dominio.

5ª.- Condición resolutoria.- Esta compravenda sométese á condición resolutoria de que a parcela manteña o uso dotacional nun prazo non inferior a 20 anos. Se esta circunstancia non fose cumprida dará lugar a pleno dereito á resolución desta compravenda con devolución do importe abonado, isto é 18.300 €. Con todo, para que teña lugar a resolución será preciso que a parte vendedora requira fidedignamente á compradora por acta notarial o cumprimento dos acordos adoitados nesta escritura.

Extinción da condición resolutoria.- A facultade resolutoria da parte vendedora extingúese se non fose exercitada no prazo pactado; e se transcorrido devandito prazo, non constara o seu exercicio no Rexistro da Propiedade, poderá facerse constar a extinción da condición resolutoria a instancia da parte compradora.

6ª.- Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este concello conta co seu perfil de contratante ó que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na seguinte páxina web: <https://www.contrataciondelestado.es>.

7ª.- O órgano de contratación competente para subscribir o presente contrato sería o Alcalde de acordo co disposto na D.A. 3ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público –LCSP-, estando delegada dita competencia mediante Resolución de Alcaldía nº 335/2019 de 26 de xuño na Xunta de Goberno Local.

8ª.- A) Capacidade do contratista:

Poderá contratar coa Administración a persoa natural ou xurídica, española ou estranxeira, que teña plena capacidade de obrar e non estea comprendida en ningunha das circunstancias, que como prohibicións para contratar, se determinan no art. 71 da LCSP, e para tal efecto, deberá achegarse:

-Acreditación da personalidade e capacidade dos propietarios.

-Poder bastante que acredite a representación da persoa física que actúe en nome dos anteriores así como o seu D.N.I.

-Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións do citado artigo 71 LCSP, e que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, da Comunidade Autónoma e co Concello de Cedeira, e ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.

B) Debido ás características deste contrato non se esixirá a acreditación da solvencia económica ou financeira.

9ª.- O presente contrato ten carácter privado a teor do artigo 9 e artigo 26 da LCSP. Rexeráse en canto á súa preparación e adjudicación con carácter preferente, pola lexislación patrimonial contida na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no Regulamento de Bens das Corporacións Locais (R.D. 1372/1986, de



13 de xuño), na Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e, no seu defecto, pola LCSP (Lei 9/2017, de 8 de novembro); e en canto aos seus efectos e extinción, polas normas de dereito privado.

10ª.- Para cantas cuestións e litixios que poidan derivarse deste contrato, as partes sométense á xurisdición civil dos Tribunais de Ortigueira, con renuncia expresa de calquera outro foro e domicilio que en dereito puidese corresponderlles.

Non obstante, consideraranse actos xurídicos separables os que se diten en relación coa preparación e adxudicación do contrato e, en consecuencia, poderán ser impugnados ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa.

11ª.- A presente adquisición está suxeita á condición suspensiva de que o propietario acepte de xeito expreso os pregos que se lle propoñen, mediante a sinatura dos mesmos en proba de conformidade, toda vez que o obxecto do expediente é a adquisición do pleno dominio da parcela.

Non obstante, consideraranse actos xurídicos separables os que se diten en relación coa preparación e adxudicación do contrato, e en consecuencia poderán ser impugnados ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

13. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 456/2023 DE DATA 20.09.2023- APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE AMPLIACIÓN DO PAVILLON POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 456/2023 de data 20.09.2023, que di:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE AMPLIACIÓN DO PAVILLON POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

Nº Expediente: 2023/C003/000011

Este concello solicitou unha axuda ao abeiro da Orde do 21.03.2023 pola que se establecen as Bases reguladoras dirixidas a concellos para a construción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal e para a adquisición de material deportivo inventariable (DOG núm. 60 do 27.03.2023).

A liña 1 da antedita axuda está destinada á construción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións deportivas; dentro da cal o Concello de Cedeira solicitou unha actuación para a ampliación do pavillón polideportivo municipal.

Mediante a Resolución de data 18.07.2023 da Secretaría Xeral para o Deporte, foi concedida a seguinte axuda ao abeiro da Orde do 21.03.2023:

- solicitante: Concello de Cedeira



- descrición da actuación: Ampliación pavillón polideportivo de Cedeira
- orzamento da actuación: 61.905,69 €
- axuda concedida 2023: 29.130,34 €
- axuda concedida 2024: 20.394,21 €
- prazo para executar as actuacións subvencionadas e presentar a correspondente xustificación: ata o 31.10.2023 para a anualidade de 2023, e 31.10.2024 para a anualidade de 2024.

Por este motivo é necesaria a contratación da actuación denominada “AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL”

Constan no expediente os seguintes documentos:

- Anteproxecto técnico redactado polo Enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Miguel Fiuza Canosa en abril de 2023, cun orzamento que ascende á cantidade de 61.905,69 € (IVE incluído).
- Providencia da Alcaldía de data 04.09.2023 propoñendo o inicio do expediente de contratación denominado “Ampliación do pavillón polideportivo municipal”
- Acta de replanteo previo de data 04.09.2023
- Proxecto técnico redactado polo Enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Miguel Fiuza Canosa en agosto de 2023, cun orzamento que ascende á cantidade de 61.905,69 € (IVE incluído)
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Alcaldía o 04.09.2023.
- Memoria xustificativa da necesidade do contrato e da non división en lotes asinada pola Alcaldía o 04.09.2023
- Informe técnico municipal de data 13.09.2023, no cal se indica a necesidade de supervisión técnica e a non necesidade de obtención de autorizacións sectoriais.
- Proxecto técnico asinado dixitalmente con data 19.09.2023 polo Enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Miguel Fiuza Canosa, modificado en base ás indicacións do Servizo de asistencia técnica a concellos da Excm. Deputación Provincial; cun orzamento que ascende á cantidade de 61.905,69 € (IVE incluído)
- Informe de supervisión favorable de data 19.09.2023, emitido polo Servizo de asistencia técnica a municipios da Excm. Deputación Provincial.
- Informes xurídicos de datas 14 e 19 de setembro de 2023
- Informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención municipal con data 19.09.2023

Por todo o exposto, e de conformidade co establecido no artigo 117 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, RESOLVO:

1. Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 335/2019 de 26.06.2019 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.
2. Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado denominado "Ampliación do pavillón polideportivo municipal".
3. Aprobar o proxecto técnico denominado "Ampliación do pavillón polideportivo municipal" asinado dixitalmente con data 19.09.2023 polo Enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Miguel Fiuza Canosa, cun orzamento de 61.905,69 € (IVE incluído)
4. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato denominado "Ampliación do pavillón polideportivo municipal" por procedemento aberto simplificado, asinado pola Alcaldía con data 18.09.2023.



5. Autorizar, en contía de 61.905,69 € IVE incluído (Prezo sen IVE 51.161,73 €; IVE 10.743,96 €), o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada.
6. Publicar a licitación na Plataforma de Contratos do Sector Público, expresando que o prazo de presentación de proposicións será de diez (10) días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación.
7. Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

14. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN NÚM. 501/2023 DE DATA 17.10.2023 - ADXUDICACIÓN DA OBRA DE AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 501/2023 de data 17.10.2023, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DA OBRA DE AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

Nº Expediente: 2023/C003/000011

Mediante a Resolución de Alcaldía núm. 456/2023 de 20 de setembro foi aprobado o expediente e o Prego de Cláusulas Administrativas particulares para a adxudicación do contrato denominado “Ampliación do pavillón polideportivo municipal”, por procedemento aberto simplificado abreviado, e así mesmo autorizouse o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data 20.09.2023 foi publicada a licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público.

No prazo de presentación de ofertas recibíronse as proposicións das seguintes empresas:

Nº. OFERTA	LICITADOR	DATA PRESENTACIÓN	E HORA
1	DISEÑO Y TECNICAS CONSTRUCTIVAS MARTIÑO, S.L.	04.10.2023	12:53
2	ESTRUCTURAS DE HORMIGÓN Y CONSTRUC ALPA, S.L.	04.10.2023	17:10
3	MERAKI CR, S.L.	04.10.2023	14:46
4	SERVIPLUSTOTAL, S.L.	04.10.2023	14:48

A Mesa de contratación nas súas reunións de datas 6 e 11 de outubro de 2023 valorou as ofertas da seguinte maneira:

- 1.- Descifrado e apertura dos arquivos que conteñen as proposicións de todas as empresas presentadas.



A documentación presentada polo licitador “ESTRUCTURAS DE HORMIGÓN Y CONSTRUCCIÓN ALPA, S.L.” está incorrecta no referente ao contido do Anexo III, polo que se admite provisionalmente a este licitador e requírese a subsanación deste documento.

Consta, dentro do prazo establecido, a presentación do Anexo III subsanado polo licitador “ESTRUCTURAS DE HORMIGÓN Y CONSTRUCCIÓN ALPA, S.L.”

2.- A relación de admitidos, ordeada alfabeticamente é a seguinte:

Nº. OFERTA	LICITADOR	NIF
1	DISEÑO Y TECNICAS CONSTRUCTIVAS MARTIÑO, S.L.	B09674037
2	ESTRUCTURAS DE HORMIGÓN Y CONSTRUCCIÓN ALPA, S.L.	B15054109
3	MERAKI CR, S.L.	B06909501
4	SERVIPLUSTOTAL, S.L.	B70019294

3.- As ofertas presentadas son as seguintes:

Licitador	Oferta económica (Sen IVE) (€)	Plantilla	Nº fixos	Nº mulleres
DISEÑO Y TECNICAS CONSTRUCTIVAS MARTIÑO, S.L.	50.830,00	2	2	0
ESTRUCTURAS DE HORMIGÓN Y CONSTRUCCIÓN ALPA, S.L.	50.905,92	14	14	2
MERAKI CR, S.L.	50.824,16	20	20	4
SERVIPLUSTOTAL, S.L.	51.147,73	474	104	38

4.- Da valoración dos criterios cuantificables automaticamente mediante a aplicación de fórmulas recollidas no anexo IV do PCAP de cada un dos apartados contidos nas ofertas presentadas despréndese a seguinte puntuación:

Licitador	Puntuación oferta económica	Oferta anormal	Reduc. Prazo (semanas)	Puntos Reduc. prazo	% fixos plantilla	Puntos fixos plantilla	% mulleres fixas	Puntos mulleres fixas	Puntuación total
DISEÑO Y TECNICAS CONSTRUCTIVAS MARTIÑO, S.L.	1,82	non	0	1	100%	15	0%	0	17,82
ESTRUCTURAS DE HORMIGÓN Y CONSTRUCCIÓN ALPA, S.L.	1,40	non	0	1	100%	15	14,29%	5	22,40
MERAKI CR, S.L.	1,85	non	2	8	100%	15	20%	5	29,85
SERVIPLUSTOTAL, S.L.	0,08	non	1	6,72	21,94%	0	8,02%	5	11,80

5.- A oferta mellor valorada é a presentada por MERAKI CR, S.L.

6.- A mesa comproba no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que esta empresa está



debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e posúe a solvencia económica, financeira e técnica e non está incursa en prohibicións para contratar.

7.- Realizada a comprobación cun resultado favorable, a Mesa acorda:

- Requirit, mediante comunicación electrónica, ao licitador mellor valorado para que presente no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación, a documentación que proceda segundo a cláusula 16 do PCAP. Adicionalmente deberá presentar declaración responsable sobre o cumprimento cos traballadores asignados á execución do contrato das obrigas salariais derivadas dos contratos e dos convenios de aplicación.
- Elevar ao órgano de contratación proposta de adjudicación do contrato denominado “Ampliación do pavillón polideportivo municipal” a favor do licitador que presentou a oferta mellor valorada:

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN	
Licitador:	MERAKI CR, S.L. CIF B06909501
Importe:	50.824,16 € + 10.673,07 € (IVE). TOTAL: 61.497,23 €
Prazo de execución:	11 semanas

Con data 16.10.2023 a empresa MERAKI CR, S.L. presentou a documentación requirida a través da Plataforma de Contratos do Sector Público.

Unha vez revisada esta documentación polos servizos económicos do Concello, resulta correcta.

Con data 16.10.2023. emitiuse pola Intervención municipal informe de fiscalización previa ao compromiso do gasto.

Examinada a documentación citada, e de conformidade co establecido no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **RESOLVO:**

1.- Adjudicar o contrato de obra denominado “Ampliación do pavillón polideportivo municipal” a favor do seguinte licitador:

Licitador:	MERAKI CR, S.L. CIF B06909501
Importe:	50.824,16 € + 10.673,07 € (IVE). TOTAL: 61.497,23 €
Prazo de execución:	11 semanas

2.- Dispoñer o gasto con cargo á partida correspondente do presuposto vixente de gastos.

3.- Notificar a MERAKI CR, S.L., adjudicatario da obra denominada “Ampliación do pavillón polideportivo municipal” a presente resolución e solicitar a devolución da mesma asinada dixitalmente en proba de conformidade.

4.- Publicar a adjudicación do contrato de obra na Plataforma de Contratos do Sector Público.



5.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

6.- Dar traslado deste acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.

7.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

15. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 524/2023 DE DATA 25.10.2023- APROBACIÓN DO ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE CEDEIRA, VALDOVIÑO, CARIÑO E FOZ COA FINALIDADE DE SOLICITAR UNHA SUBVENCIÓN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO CONXUNTO "SOCIAL A MARES. A VERTEBRACIÓN DAS VILAS A TRAVÉS DO SECTOR PESQUEIRO", PRESENTADO ANTE O GALP1 A MARIÑA-ORTEGAL A TRAVÉS DO CONCELLO DE CEDEIRA COMO REPRESENTANTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 524/2023 de data 25.10.2023, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DO ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE CEDEIRA, VALDOVIÑO, CARIÑO E FOZ COA FINALIDADE DE SOLICITAR UNHA SUBVENCIÓN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO CONXUNTO “SOCIAL A MARES. A VERTEBRACIÓN DAS VILAS A TRAVÉS DO SECTOR PESQUEIRO”, PRESENTADO ANTE O GALP1 A MARIÑA-ORTEGAL A TRAVÉS DO CONCELLO DE CEDEIRA COMO REPRESENTANTE

Visto o borrador do ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE CEDEIRA, VALDOVIÑO, CARIÑO E FOZ COA FINALIDADE DE SOLICITAR UNHA SUBVENCIÓN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO CONXUNTO “SOCIAL A MARES. A VERTEBRACIÓN DAS VILAS A TRAVÉS DO SECTOR PESQUEIRO”, PRESENTADO ANTE O GALP1 A MARIÑA-ORTEGAL A TRAVÉS DO CONCELLO DE CEDEIRA COMO REPRESENTANTE que ten por obxecto establecer as canles de colaboración para solicitar unha subvención, para a execución do proxecto “SOCIAL A MARES. A VERTEBRACIÓN DAS VILAS A TRAVÉS DO SECTOR PESQUEIRO”, con accións a desenvolver nos anos 2023, 2024 e 2025.

Vista a memoria xustificativa, que esixen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

Visto o informe de Secretaría de data 24 de outubro de 2023 e o informe de Intervención de data 25 de outubro de 2023.

Resultando que a competencia para a aprobación do convenio corresponde á Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto na resolución de Alcaldía núm. 345/2023 de 10 de xullo.

Resultando que a data límite de presentación da solicitude é o 26 de outubro de 2023.



Co obxecto de abordar unha actuación conxunta entre os concellos de Cedeira, Valdoviño, Cariño e Foz co seguinte obxecto e texto:

“ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE CEDEIRA, VALDOVIÑO, CARIÑO E FOZ COA FINALIDADE DE SOLICITAR UNHA SUBVENCIÓN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO CONXUNTO “SOCIAL A MARES. A VERTEBRACIÓN DAS VILAS A TRAVÉS DO SECTOR PESQUEIRO”, PRESENTADO ANTE O GALP1 A MARIÑA-ORTEGAL A TRAVÉS DO CONCELLO DE CEDEIRA COMO REPRESENTANTE

A 23 de Outubro de 2023.

REUNIDOS

Dunha parte, PABLO DIEGO MOREDA GIL, Alcalde do Concello de Cedeira, no nome e representación do mesmo, ao abeiro do establecido no artigo 21.1.b) da Lei 7/1985 de 2 de abril, de bases do réxime local, asistido pola Secretaria **Ana Velo Ruíz**, que dá fe do acto.

Doutra parte, ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Alcalde do Concello de Valdoviño, no nome e representación do mesmo, ao abeiro do establecido no artigo 21.1.b) da Lei 7/1985 de 2 de abril, de bases do réxime local, asistido pola Secretaria **Carlota González Navarro**, que dá fe do acto.

Doutra parte, ANAMARÍA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Alcaldesa do Concello de Cariño, no nome e representación do mesmo, ao abeiro do establecido no artigo 21.1.b) da Lei 7/1985 de 2 de abril, de bases do réxime local, asistido pola Secretaria **Alejandra Pardo Vázquez**, que dá fe do acto.

Doutra parte, FRANCISCO CAJOTO CASERÍO, Alcalde do Concello de Foz, no nome e representación do mesmo, ao abeiro do establecido no artigo 21.1.b) da Lei 7/1985 de 2 de abril, de bases do réxime local, asistido polo Secretario **Víctor Voces López**, que dá fe do acto.

As partes intervenientes, que actúan en virtude dos seus respectivos cargos, recoñécense plena capacidade para subscribir o presente acordo de colaboración que ten como finalidade solicitar unha subvención dentro da ORDE de 14 de setembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao amparo das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2023 (código de procedemento PE155A), para a execución nos seus territorios locais do proxectode cooperación “SOCIAL A MARES. A VERTEBRACIÓN DAS VILAS A TRAVÉS DO SECTOR PESQUEIRO”.

MANIFESTAN

Primeiro.- Que aos concellos de Cedeira, Valdoviño, Cariño e Foz como máximas institucións cidadás destes municipios, correspóndenlles funcións de goberno e organización municipal, incluíndo todas as actividades e eventos que contribúan a poñer en valor a cultura e as particularidades propias da veciñanza e das actividades que realizan, ostentando competencias de acordo co artigo 25.2 da Lei de Bases de Réxime Local en materia de promoción da cultura, mercados e lonxas e promoción do desenvolvemento turístico.

Segundo.- Que as partes se comprometen a colaborar para o bo desempeño deste proxecto, fundamental e necesario para valorizar o sector mariñeiro como o discurso central que vertebra as vilas, promocionando a economía azul sostible, o desenvolvemento e a cohesión social, mediante diversas accións de sensibilización dirixidas a escolares, profesionais do sector, grupos en risco de exclusión e público xeral, fomentando a *Gobernanza* entre diversos concellos e axentes sociais da Mariña-Ortegal.

En consecuencia, as partes asinantes, consideran axeitado facer operativa e recíproca a colaboración mediante o presente acordo para solicitar unha subvención ao Grupo de Acción Local correspondentes ao seu territorio, no caso de Cedeira, ao GALP1 A Mariña Ortegal, para a execución do proxecto “SOCIAL A MARES. A VERTEBRACIÓN DAS VILAS A TRAVÉS DO SECTOR PESQUEIRO”.

Así, o Concello de Cedeira, acorda solicitar este proxecto de colaboración mediante **Resolución de Alcaldía, Nº/2023, o día10.2023.**

Pola súa banda, o Concello de Valdoviño acorda solicitar este proxecto de cooperación mediante **Resolución de Alcaldía, Nº/2023, o día10.2023.**



Pola súa banda, o Concello de Cariño acorda solicitar este proxecto de cooperación mediante Resolución de Alcaldía, Nº 456/2023, o día 20.10.2023.

Pola súa banda, o Concello de Foz acorda solicitar este proxecto de cooperación mediante Resolución de Alcaldía, Nº .../2023, o día10.2023.

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O presente acordo ten por obxecto establecer as canles de colaboración para solicitar unha subvención, para a execución do proxecto “SOCIAL A MARES. A VERTEBRACIÓN DAS VILAS A TRAVÉS DO SECTOR PESQUEIRO”, con accións a desenvolver no anos 2023, 2024 e 2025.

Tendo en conta o exposto no Artigo 6 (Persoas beneficiarias conxuntas) da Orde 14 de setembro de 2023, no que se establece que “poderán concorrer de maneira individual ou conxuntamente, como unha amera agrupación de entidades, as sinaladas no artigo 5.1 entre si e as sinaladas no apartado 2 entre si [entidades públicas locais]. No caso de concorrer de forma conxunta, deberán facer constar expresamente na solicitude que compromisos corresponderán a cada unha delas na execución das accións, así como o importe da subvención solicitada que corresponda a cada unha delas.” Así, recolle as seguintes actuacións:

Table with 4 columns: TEMÁTICAS, ACTIVIDADES PROPOSTAS, PÚBLICOS, ENTIDADE QUE EXECUTA. Rows include Gastronomía, Inclusión Social, Feminismo e Igualdade, Sustentabilidade, Biodiversidade, Hábitos Vida Saudables, Coordinación, and Comunicación.

EN RELACIÓN ÁS ACTIVIDADES DO CONCELLO DE CEDEIRA:

ACTIVIDADE 1: OBRADOIROS E TALLERES

Table with 2 columns: Actividades, En que consiste. Row: TALLERES DE NÓS E REDES EN ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DIVERSIDADE.



FUNCIONAL	
ENVÍOS DE CORRESPONDENCIA ENTRE NENAS E MULLERES MARIÑEIRAS	<p>Envío de correspondencia co obxectivo de achegar a importancia da muller ás novas xeracións a través dunha comunicación directa e personalizada na que se transmitan experiencias reais e próximas.</p> <p>Cada estudante escribirá no centro unha carta inicial na que se presentarán e exporán dúbidas ou preguntas para que sexan respondidas posteriormente por mulleres que traballen ou traballasen no sector pesqueiro da localidade. Desta forma, as mulleres do mal poderán presentarse responder de forma personalizada a cada nena, sendo unha forma de comunicación moi especial e que poderán gardar como recordo.</p> <p>O público destinatario é o alumnado de Primaria.</p> <p>Finalmente as estudantes lerán no alto diante dos seus compañeiros/as as respostas recibidas para que todos os estudantes descubran diferentes testemuños, relatos, experiencias e anécdotas. Nº de unidades: A actividade realizarase en 4 cursos escolares (dúas aulas por curso). As tarefas a realización son a coordinación de contidos, a interlocución coas mulleres do sector, o traballo en aula. Tamén se xerarán contidos de texto e fotografía para a súa difusión en redes sociais.</p>

ACTIVIDADE 2: PLANIFICACIÓN E COORDINACIÓN.

PLANIFICACIÓN E COORDINACIÓN	<p>Redacción de informe de situación sobre os recursos e potenciais entidades colaboradoras de cada municipio para a execución das actuacións deste proxecto plurianual. Elaboración de cadro de mando, reunións de coordinación para a planificación do calendario de actividades.</p> <p>Actividade a desenvolver en 2023, 2024 e 2025. No primeiro ano realizarase un informe de situación, e durante as seguintes anualidades coordinarase o calendario de actuacións en todos os concellos.</p>
------------------------------	--

Táboa resumo de actividades e orzamento:

	SEN IVE			CON IVE		
	2023	2024	2025	2023	2024	2025
Actividade 1	- €	13.900,00 €	6.900,00 €	- €	16.819,00 €	8.349,00 €
Actividade 2	1.200,00 €	990,00 €	600,00 €	1.452,00 €	1.197,90 €	726,00 €
	1.200,00 €	14.890,00 €	7.500,00 €	1.452,00 €	18.016,90 €	9.075,00 €
			23.590,00 €			28.543,90 €

EN RELACIÓN ÁS ACTIVIDADES DO CONCELLO DE VALDOVIÑO:

ACTIVIDADE 1: OBRADOIROS E TALLERES

Actividades	En que consiste
ACTIVIDADES DIDÁCTICAS NA ESCOLA “O FONDO MARIÑO NA AULA”	<p>Actividade didáctica nos centros educativos co obxectivo de que os estudantes máis pequenos empenen a coñecer algunhas das especies máis características dos nosos océanos.</p> <p>O público destinatario é o alumnado de Infantil e Primaria.</p> <p>Cada taller consiste en 4 horas de traballo (repartido nos días que os/as titores recomenden pola súa programación didáctica) que se iniciarán empregando material audiovisual para presentarlles o ecosistema mariño e que vexan imaxes reais das especies. A continuación repartiranse entre os estudantes debuxos sinxelos dalgúns destas especies máis rechamantes que empregarán como persoal para realizar unha figura de <i>masilla</i> que decorarán individualmente.</p> <p>Todas as figuras realizadas polo alumnado situarase durante unha semana nunha caixa decorada co fondo mariño. Tras esa semana, na que se repasarán diariamente información sobre as especies, cada estudante poderá levar a casa a súa figura.</p> <p>Nº de unidades: 4 talleres, xeración de contidos de texto e fotografía para redes sociais.</p>
TALLERES DE NUTRICIÓN SAUDABLE E MOBILIDADE SOSTIBLE NO	<p>Realizaranse talleres co principal obxectivo de fomentar os hábitos de vida saudable, principalmente aqueles relacionados coa alimentación e a incorporación de exercicio físico.</p> <p>Así, por unha parte ensinarase amercar produtos de proximidade, saudables e que teñan unha mellor relación calidade nutritiva/prezo. Esta parte dos talleres iniciarase cunha breve charla sobre</p>



LITORAL	<p>nutrición que sentará as bases sobre unha alimentación saudable e sostible, baseada en produtos de proximidade e de tempada. As persoas asistentes aprenderán a preparar menús saudables e obterán unha guía práctica para facer a compra cunha dieta rica e variada.</p> <p>Finalmente o taller rematará con accións de estudo da conectividade entre os lugares de venda de produtos mariños.</p> <p>Esta actividade está dirixida ao público en xeral, en colaboración con entidades asociativas que dinamicen centros cívicos e parroquiais.</p> <p>Nº de unidades: 4 talleres, xeración de contidos de texto e fotografía para redes sociais. Cada taller consiste en 4 horas de traballo (repartido nos días que os/as titores recomenden pola súa programación didáctica)</p>
---------	---

ACTIVIDADE 2: DESEÑO E FABRICACIÓN DE DOUS ROLL-UP

DESEÑO E FABRICACIÓN DE DOUS ROLL-UP	Deseñárase e fabricaranse dous Roll-up para a difusión da imaxe do proxecto no momento da realización das diferentes accións a executar en todos os concello.
--------------------------------------	---

	SEN IVE			CON IVE		
	2023	2024	2025	2023	2024	2025
Actividade 1	- €	14.920,00 €	6.900,00 €	- €	18.053,20 €	8.349,00 €
Actividade 2	900,00 €	- €	- €	1.089,00 €	- €	- €
	900,00 €	14.920,00 €	6.900,00 €	1.089,00 €	18.053,20 €	8.349,00 €
			22.720,00 €			27.491,20 €

EN RELACIÓN ÁS ACTIVIDADES DO CONCELLO DE CARIÑO:

ACTIVIDADE 1: OBRADOIROS E TALLERES

Actividades	En que consiste
EXPOSICIÓN AS MULLERES DO MAR. RETRATOS MARIÑEIRO	<p>Exposición de retratos de gran formato, para instalar en lumieiras, visibilizando ás mulleres do mar da vila. As imaxes irán acompañadas de testemuños, para poñer en valor o seu importante labor, tanto profesional como social. A exposición, que se centra nas historias de mulleres do sector pesqueiro, pretende volver ás raíces e destacar o valor dos seus distintos labores e a evolución da muller mariñeira xeración tras xeración.</p> <p>Así pois, a actividade comprenderá as seguintes accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Elaboración de contidos (investigación e redacción). • Deseño, produción e colocación de paneis. • Audio-testemuños: creación de contidos, gravación, implementación en soporte web e creación de código QR. <p>Nº unidades: 7 lonas, con retratos e testemuñas das mulleres do mar.</p>
OBRADOIROS DE SENSIBILIZACIÓN SOBRE A SOSTIBILIDADE PESQUEIRA DIRIXIDOS A ESCOLARES DO MUNICIPIO	<p>Obradoiros de sensibilización co obxectivo de achegar á mocidade as boas prácticas no sector da pesca, o papel das confrarías e a importancia da correcta saúde dos océanos para conseguir unha economía azul sostible.</p> <p>O obradoiro de sensibilización inclúe a impartición de docencia na aula e a elaboración de contidos por parte do alumnado no propio centro educativo.</p> <p>Para o desenvolvemento da actividade os estudantes traballarán en grupos de 5-6 persoas. Iniciarase o obradoiro cunha primeira sesión de 2 horas nas que os estudantes buscarán información sobre boas e malas prácticas na actividade pesqueira que poñerán en común ao finalizar a sesión. A continuación os estudantes realizarán unha segunda sesión de 3 horas na que se adxudicará a cada un dos grupos unha boa ou mala práctica pesqueira que deberán representar, gravar e montar en forma de vídeo a modo de sketch.</p> <p>Finalmente, a actividade concluirá cunha terceira sesión de 3 horas na que cada grupo presentará o seu sketch ao resto de compañeiros e debaterase sobre que tipo de práctica representan e</p>



	<p>reflexionarse sobre a idoneidade ou problemática da mesma. Esta actividade está dirixida ao alumnado de Secundaria, Bacharelato e ciclos de Formación Profesional. Nº de unidades: 4 obradoiros e 2 saídas. Inclúe transporte, xeración de contidos para redes sociais</p>
--	--

ACTIVIDADE 2: NOTAS DE PRENSA

NOTAS DE PRENSA	<p>Esta acción inclúe a redacción de dúas notas de prensa sobre a aprobación e preparación do proxecto, así como a súa difusión entre os medios de comunicación. Acción xenérica de lanzamento do proxecto, a desenvolver en 2023.</p>
-----------------	--

	SEN IVE			CON IVE		
	2023	2024	2025	2023	2024	2025
Actividade 1	- €	14.880,00 €	6.900,00 €	- €	18.004,80 €	8.349,00 €
Actividade 2	245,00 €	- €	- €	296,45 €	- €	- €
	245,00 €	14.880,00 €	6.900,00 €	296,45 €	18.004,80 €	8.349,00 €
			22.025,00 €			26.650,25 €

EN RELACIÓN ÁS ACTIVIDADES DO CONCELLO DE FOZ:

ACTIVIDADE 1: OBRADOIROS E TALLERES

Actividades	En que consiste
<p>OBRADOIROS DE SENSIBILIZACIÓN SOBRE A CULTURA ALIMENTARIA DIRIXIDOS A ESCOLARES DO MUNICIPIO (PRODUCTO LOCAL MÁIS TÍPICO)</p>	<p>Nestes obradoiros aprenderase sobre o <u>proceso de elaboración do produto gastronómico local con máis tradición</u>, ademais dos procesos de captura, etiquetaxe e a súa trazabilidade. Ponse en valor desta forma o respecto polo medio mariño e o coidado da calidade do produto mediante unha produción sostible. Para finalizar, pedirase ao alumnado que redacte unha receita cos produtos estudados no obradoiro.</p> <p>Para a súa execución elaboraranse contidos, impartiranse os obradoiros na aula, e guírase ao alumnado nas saídas (inclúe transporte). A duración da sesión en aula será de 2 horas, e a saída de 3 horas.</p> <p>O público destinatario será o alumnado de Secundaria.</p> <p>Nº de unidades: 4 obradoiros e 2 saídas. Inclúe transporte, xeración de contidos de texto e fotografía para redes sociais.</p>
<p>TALLERES DE NUTRICIÓN SAUDABLE E MOBILIDADE SOSTIBLE NO LITORAL</p>	<p>Realizaranse talleres co principal obxectivo de fomentar os hábitos de vida saudable, principalmente aqueles relacionados coa alimentación e a incorporación de exercicio físico.</p> <p>Así, por unha parte ensinarase a <u>mercar produtos de proximidade, saudables e que teñan unha mellor relación calidade nutritiva/prezo</u>. Esta parte dos talleres iniciarase cunha breve charla sobre nutrición que sentará as <u>bases sobre unha alimentación saudable e sostible, baseada en produtos de proximidade e de tempada</u>. As persoas asistentes aprenderán a preparar menús saudables e obterán unha guía práctica para facer a compra cunha dieta rica e variada.</p> <p>Finalmente o taller rematará con accións de estudo da conectividade entre os lugares de venda de produtos mariños.</p> <p>Esta actividade está dirixida ao público en xeral, en colaboración con entidades asociativas que dinamicen centros cívicos e parroquiais.</p> <p>Nº de unidades: 4 talleres, xeración de contidos de texto e fotografía para redes sociais. Cada taller consiste en 4 horas de traballo (repartido nos días que os/as titores recomenden pola súa programación didáctica)</p>

ACTIVIDADE 2: IMAXE DO PROXECTO

IMAXE DO	Deseño dunha marca ou logo do proxecto para a súa incorporación en todas as actividades do
----------	--



PROXECTO	mesmo, dándolle unha imaxe de conxunto, xunto ás entidades financiadoras e colaboradoras. Acción a desenvolver en 2023.
----------	---

	SEN IVE			CON IVE		
	2023	2024	2025	2023	2024	2025
Actividade 1	- €	14.900,00 €	6.900,00 €	- €	18.029,00 €	8.349,00 €
Actividade 2	1.800,00 €	- €	- €	2.178,00 €	- €	- €
	1.800,00 €	14.900,00 €	6.900,00 €	2.178,00 €	18.029,00 €	8.349,00 €
			23.600,00 €			28.556,00 €

Segunda.-Representante ou apoderado único.

Tendo en conta o exposto no Artigo 6 (Persoas beneficiarias conxuntas) da Orde 14 de setembro de 2023, no que se establece que “en calquera caso deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, co cal se efectuarán as actuacións, que será unha das entidades solicitantes, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, corresponden á agrupación”, noméase ao Concello de Cedeira para este cometido. Este compromiso de participación conxunta, así como o nomeamento de apoderado, será ratificado mediante documento outorgado ante o órgano no xestión, no caso de ser concedida e notificada a axuda.

Terceira.- Actuación das partes.

A colaboración que inspira a presente acordo farase efectiva mediante o desenvolvemento das accións consistentes en organizar e xestionar o proxecto, cada un no seu ámbito territorial.

As partes comprométese a respectar as normas da convocatoria da subvención aprobadas mediante *Orde 14 de setembro de 2023* polas que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP).

As entidades beneficiarias dará a coñecer a axuda prestada polos fondos, de conformidade do artigo 50 do Regulamento (UE) 2021/1060, nas súas web e redes sociais, así como nos documentos e materiais de comunicación relacionados coa execución da operación, incluíndo unha declaración na que destaque a axuda da Unión Europea de maneira visible.

Cuarta.- Compromisos das partes.

Cada unha das partes será a encargada de contratar, xestionar e aboar os gastos que lle corresponden segundo o acordo e a táboa reflectida nesta cláusula, respectando a normativa de contratación aplicable e ás bases da convocatoria da subvención.

*Táboa de gastos. Resumo por Concello***1. Concello de Cedeira**

	SEN IVE			CON IVE		
	2023	2024	2025	2023	2024	2025
Actividade 1	- €	13.900,00 €	6.900,00 €	- €	16.819,00 €	8.349,00 €
Actividade 2	1.200,00 €	990,00 €	600,00 €	1.452,00 €	1.197,90 €	726,00 €
	1.200,00 €	14.890,00 €	7.500,00 €	1.452,00 €	18.016,90 €	9.075,00 €
			23.590,00 €			28.543,90 €

2. Concello de Valdoviño

	SEN IVE			CON IVE		
	2023	2024	2025	2023	2024	2025
Actividade 1	- €	14.920,00 €	6.900,00 €	- €	18.053,20 €	8.349,00 €
Actividade 2	900,00 €	- €	- €	1.089,00 €	- €	- €
	900,00 €	14.920,00 €	6.900,00 €	1.089,00 €	18.053,20 €	8.349,00 €
			22.720,00 €			27.491,20 €



3. Concello de Cariño

	SEN IVE			CON IVE		
	2023	2024	2025	2023	2024	2025
Actividade 1	- €	14.880,00 €	6.900,00 €	- €	18.004,80 €	8.349,00 €
Actividade 2	245,00 €	- €	- €	296,45 €	- €	- €
	245,00 €	14.880,00 €	6.900,00 €	296,45 €	18.004,80 €	8.349,00 €
			22.025,00 €			26.650,25 €

4. Concello de Foz

	SEN IVE			CON IVE		
	2023	2024	2025	2023	2024	2025
Actividade 1	- €	14.900,00 €	6.900,00 €	- €	18.029,00 €	8.349,00 €
Actividade 2	1.800,00 €	- €	- €	2.178,00 €	- €	- €
	1.800,00 €	14.900,00 €	6.900,00 €	2.178,00 €	18.029,00 €	8.349,00 €
			23.600,00 €			28.556,00 €

TOTAL DE GASTO DO PROXECTO

SEN IVE	CON IVE
91.935,00€	111.241,35€

Cada unha das partes non será responsable dos gastos que correspondan á outra.

Solicitarase a subvención relativa ao Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), que será subvencionable segundo recolle o artigo 10.a.1º da citada Orde.

As subvencións serán ingresadas a cada unha das partes, segundo os gastos elixibles que foran aceptados.

Quinta.- Vixencia.

A aprobación deste proxecto de colaboración estará condicionada a que se aprobe os a axuda concedida por parte do GALP e da Consellería do Mar.

Nese caso, a duración deste acordocomenzará a contar dende a data da súa notificación e resolución definitiva por parte da Consellería do Mar, dándose por terminado en calquera momento por acordo entre as partes, previa comunicación polo menos dun mes de antelación, ou por causa de forza maior.

Sexta. Natureza do acordo.

Este acordo ten natureza administrativa, quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ao abeiro do disposto no seu artigo 6.

Sexta.- Causas de resolución.

Son causas de resolución do presente acordo os seguintes:

1. Incumprimento por calquera das partes das súas cláusulas.
2. A alteración substancial das condicións que propiciaron a súa celebración.
3. Por resultar inviable a realización das actuacións descritas neste acordo por causas non imputables ás partes.
4. O acordo das partes.

En vista de todo o anterior, e en proba de conformidade, as partes subscriben o presente acordo que se estende por duplicado exemplar, no lugar e data asinados no encabezamento.”

Por todo o anterior, **RESOLVO:**



PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a resolución de Alcaldía núm. 345/2023 de 10 de xullo por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

SEGUNDO.- Aprobar a sinatura do “ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE CEDEIRA, VALDOVIÑO, CARIÑO E FOZ COA FINALIDADE DE SOLICITAR UNHA SUBVENCIÓN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO CONXUNTO “SOCIAL A MARES. A VERTEBRACIÓN DAS VILAS A TRAVÉS DO SECTOR PESQUEIRO”, PRESENTADO ANTE O GALP1 A MARIÑA-ORTEGAL A TRAVÉS DO CONCELLO DE CEDEIRA COMO REPRESENTANTE” arriba transcrito.

TERCEIRO.- Facultar ao Alcalde para a sinatura do acordo.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

QUINTO.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

16. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 527/2023 DE DATA 25.10.2023- LEVANTAMENTO DE REPARO A FACTURA F-2023-2807 DE SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 527/2023 de data 25.10.2023, que di:

“Asunto: LEVANTAMENTO DE REPARO A FACTURA F-2023-2807 DE SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU

Vista a relación das facturas preparada pola Intervención e que se atopa conformada e con crédito presupostario para a súa tramitación.

A intervención municipal emitíu notas de reparo en informe asinado en data 25 de outubro de 2023 relativo á fiscalización previa da factura seguinte:

Nº REX	NºFR A	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	PRO G	ECO N	IMPORTE
F/ 2023/2791	23 600	30/09/2023	B2715473 1	SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU	RECOGIDA de RSU, y LIMPIEZA VIARIA MES DE SEPTIEMBRE DE 2023	1621	22700	€ 39.873,76

O reparo de Intervención basease en que está extinguido o contrato, e deberá procederse a unha nova adxudicación.

A pesar de que se toman en consideración as argumentacións apuntadas pola funcionaria, a situación de recursos e medios do concello impide que se regularicen todas estas prestacións sen afectar á boa marcha do concello e á satisfacción dos intereses municipais e prestación de servizos.



En aplicación dos artigos 217 e seguintes do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladoras das Facendas Locais.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Levantar a nota de reparo emitida pola intervención referidas ás facturas sinaladas no presente expediente.

SEGUNDO.- Dar conta a Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

17. ASUNTOS VARIOS

Pola Presidencia sométense a consideración da Xunta de Goberno Local, por razóns de urxencia, as seguintes propostas:

17.1 DECLARAR DESERTA A LICITACIÓN DA OBRA “MELLORA DE FIRME DOS CAMIÑOS EN A LABOREÑA, CARTAS E O PENEIRO. AGADER 2023”

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 27.10.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: DECLARAR DESERTA A LICITACIÓN DA OBRA “MELLORA DE FIRME DOS CAMIÑOS EN A LABOREÑA, CARTAS E O PENEIRO. AGADER 2023”

Expediente: 2023/C003/000009

Con data 08.09.2023 foi iniciado polo Sr. Alcalde o expediente de contratación de “Mellora de firme dos camiños en A Laboreña, Cartas e O Peneiro”, segundo o proxecto técnico redactado pola enxeñeira D.^a Ana Adelina López López en marzo de 2023 polo importe de 58.174,99 € sen IVE.

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 27.09.2023 foi aprobado o proxecto técnico “Mellora de firme dos camiños en A Laboreña, Cartas e O Peneiro”, redactado pola enxeñeira D.^a Ana Adelina López López en marzo de 2023; así como o expediente de contratación da obra.

Con data 14.10.2023 foi publicado un anuncio de licitación na Plataforma de Contratos do Sector Público por procedemento aberto simplificado abreviado. Durante o prazo establecido non se presentaron ofertas para esta licitación.

O artigo 150.3 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/2UE (LCSP) establece o seguinte: “o órgano de contratación non poderá declarar deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego”.

Do devandito precepto despréndese que o órgano de contratación poderá declarar deserta unha licitación, ben cando non se presentaran ofertas ou ben cando estas non sexan admisibles conforme aos pregos.



Visto que á licitación de referencia non se presentaron ofertas e polo tanto non se pode adxudicar o contrato, procede a declaración de deserta da licitación “Mellora de firme dos camiños en A Laboreña, Cartas e O Peneiro. AGADER 2023” a adxudicar por procedemento aberto simplificado abreviado.

Unha vez vista a documentación que se cita, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Declarar deserto o proceso de licitación para a adxudicación do contrato administrativo de obras “MELLORA DE FIRME DOS CAMIÑOS EN A LABOREÑA, CARTAS E O PENEIRO. AGADER 2023” a adxudicar por procedemento aberto simplificado abreviado pola inexistencia de ofertas, quedando así o proceso sen licitadores aos que adxudicar o contrato.

SEGUNDO.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

17.2 PRÓRROGA DO CONTRATO DENOMINADO “RENOVACIÓN DO ALUMBRADO PÚBLICO NA AVDA. AREA E AVDA. CASTELAO. POS+ADIC 2/2022”

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 27.10.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: PRÓRROGA DO CONTRATO DENOMINADO “RENOVACIÓN DO ALUMBRADO PÚBLICO NA AVDA. AREA E AVDA. CASTELAO. POS+ADIC 2/2022”

Expte.: 2022/C003/000005

Mediante a Resolución de Alcaldía núm. 93/2023 de 2 de marzo foi adxudicada a obra denominada “Renovación do alumbrado público na Avda. Area e Avda. Castelao” a D. Rubén Noya Mallo, e na mesma data o adxudicatario asinou en proba de conformidade esta resolución.

Con data 29.08.2023 formalizouse a Acta de comprobación do replanteo.

O prazo de execución deste contrato é de 1 mes, polo que debería finalizar a obra o día 29.09.2023.

Con data 27.09.2023 (R.E. 2023/999/2030) o adxudicatario presenta unha solicitude de prórroga do prazo de execución do contrato, motivada no seguinte:

“... “La concesión de una prórroga del plazo de ejecución de los trabajos a realizar, debido a que se ha retrasado el inicio de los mismos por lo relacionado con la obra civil”.

Con data 27.09.2023 o director de obra emite un informe favorable á concesión desta prórroga, ao considerala xustificada polos argumentos expostos polo adxudicatario.

A maiores, o adxudicatario presenta un escrito complementario con data 27.10.2023 (R.E. 2023/999/2249), acompañado do informe favorable do director de obra, no cal se expón que, incluídos



nos motivos do retraso na execución da obra, non imputables ao contratista nin á dirección de obra, atópanse os seguintes:

“...alto tránsito de turistas no prazo previsto de inicio de obra, e inhabilitación de prazas de estacionamento nas Avdas. Area e Castelao”.

Téñese en conta que desde o Concello solicitouse o retraso na continuación dos traballos na época estival polos motivos expostos polo adxudicatario.

Con data 27.10.2023 emitíuse un informe favorable de Secretaría.
Con data 27.10.2023 emitíuse un informe favorable de Intervención.

Polo tanto, **propoño** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Conceder unha prórroga para a execución do contrato denominado “Renovación do alumbrado público na Avda. Area e Avda. Castelao” de **UN MES**, contado a partir da adopción do presente acordo.
- 2.- Deberáse recepcionar este contrato como data límite o mesmo día 27.11.2023.
- 3.- Dar traslado da presente resolución á empresa adxudicataria e á dirección de obra.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

17.3 ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE CAMBIO DE CALDEIRAS DE GAS POR BIOMASA NA PISCINA MUNICIPAL

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 27.10.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE CAMBIO DE CALDEIRAS DE GAS POR BIOMASA NA PISCINA MUNICIPAL

Nº Expediente: 2023/C005/000004

Mediante a Resolución de Alcaldía núm. 459/2023 de 21 de setembro foi aprobado o expediente e o Prego de Cláusulas Administrativas particulares para a adxudicación do contrato denominado “Cambio de caldeiras de gas por biomasa na piscina municipal”, por procedemento aberto simplificado, e así mesmo autorizouse o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data 21.09.2023 foi publicada a licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público.

No prazo de presentación de ofertas recibíronse as proposicións das seguintes empresas:

Nº. OFERTA	LICITADOR	DATA E HORA PRESENTACIÓN
1	ECOCONTROL GESTIÓN ENERGÉTICA S.L.	06.10.2023 14:37



2	SAPEL RENOVABLES, S.L.	05.10.2023 22:28
---	------------------------	------------------

A Mesa de contratación nas súas reunións de datas 9 e 17 de outubro de 2023 valorou as ofertas da seguinte maneira:

1.- Descifrado e apertura dos arquivos que conteñen as proposicións de todas as empresas presentadas.

A documentación presentada polo licitador “ESTRUCTURAS DE HORMIGÓN Y CONSTRUCCIÓN ALPA, S.L.” está incorrecta no referente ao contido do Anexo III, polo que se admite provisionalmente a este licitador e requírese a subsanación deste documento.

Consta, dentro do prazo establecido, a presentación do Anexo III subsanado polo licitador “ESTRUCTURAS DE HORMIGÓN Y CONSTRUCCIÓN ALPA, S.L.”

2.- A relación de admitidos, ordeada alfabeticamente é a seguinte:

Nº. OFERTA	LICITADOR	NIF
1	ECOCONTROL GESTIÓN ENERGÉTICA S.L.	B94099819
2	SAPEL RENOVABLES, S.L.	B27838655

3.- As ofertas presentadas son as seguintes:

Licitador	Oferta económica (Sen IVE) (€)	Reduc prazos	Incremento Prazo garantía
ECOCONTROL GESTIÓN ENERGÉTICA S.L.	70.249,80	0	0
SAPEL RENOVABLES, S.L.	70.100,00	5 días	1 ano

4.- Da valoración dos criterios cuantificables automaticamente mediante a aplicación de fórmulas recollidas no anexo V do PCAP de cada un dos apartados contidos nas ofertas presentadas despréndese a seguinte puntuación:

Licitador	Puntuación oferta económica	Puntuación redución prazo	Puntuación incremento prazo garantía	Total
ECOCONTROL GESTIÓN ENERGÉTICA S.L.	0	0	0	0
SAPEL RENOVABLES, S.L.	0,69	2,50	1,67	4,86

5.- A oferta mellor valorada é a presentada por SAPEL RENOVABLES, S.L.

6.- A mesa comproba no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que esta empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e posúe a



solvencia económica, financeira e técnica e non está incurso en prohibicións para contratar.

7.- Realizada a comprobación cun resultado favorable, a Mesa acorda:

- Requerir, mediante comunicación electrónica, ao licitador mellor valorado para que presente no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación, a documentación que proceda segundo a cláusula 16 do PCAP. Adicionalmente deberá presentar declaración responsable sobre o cumprimento cos traballadores asignados á execución do contrato das obrigas salariais derivadas dos contratos e dos convenios de aplicación.

- Elevar ao órgano de contratación proposta de adxudicación do contrato denominado “Cambio de caldeiras de gas por biomasa na piscina municipal” a favor do licitador que presentou a oferta mellor valorada:

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN	
Licitador:	SAPPEL RENOVABLES, S.L.
Importe:	70.100,00 € + 14.721,00 € (IVE). TOTAL: 84.821,00 €
Prazo de execución:	15 días naturais

Con data 27.10.2023 a empresa SAPPEL RENOVABLES, S.L. presentou a documentación requirida a través da Plataforma de Contratos do Sector Público.

Unha vez revisada esta documentación polos servizos económicos do Concello, resulta correcta.

Con data 27.10.2023. emitíuse pola Intervención municipal informe de fiscalización previa ao compromiso do gasto.

Examinada a documentación citada, e de conformidade co establecido no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **propoño** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Adxudicar o contrato de obra denominado “Cambio de caldeiras e gas por biomasa na piscina municipal” a favor do seguinte licitador:

Licitador:	SAPPEL RENOVABLES, S.L.
Importe:	70.100,00 € + 14.721,00 € (IVE). TOTAL: 84.821,00 €
Prazo de execución:	15 días naturais

2.- Dispoñer o gasto con cargo á partida correspondente do presuposto vixente de gastos.

3.- Notificar a SAPPEL RENOVABLES, S.L., adxudicatario da obra denominada “Cambio de caldeiras de gas por biomasa na piscina municipal” a presente resolución e e citalo para a sinatura do contrato que se formalizará telematicamente no prazo de quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte en que reciba a notificación do presente acordo.



4.- Publicar a adxudicación do contrato de obra na Plataforma de Contratos do Sector Público.

5.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

6.- Dar traslado deste acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 13:58 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ